

ADEPRENDAMOS A LEICION

O galeguismo de Bos Aires acaba de vivir unha esperiencia outamente sinicautiva, que esperamos lembremos todos para sacar proveitosos ensinamentos para o futuro. A asemblea que acaba de realizar a Irmandade Galega demostrou de xeito incontrovertible a rexedume e amplitude acadadas pol-o movemento galeguista no seo de toda a colectividade, ali representada pol-os máis destacados persoeros de longa e fructifera situación nas diferentes entidades que agrupan os galegos emigrados n-esta cidade.

Pero por sobor d-esa demostración de forza, esa asemblea encerra fundamentalmente unha estraordinaria lección que todos debemos aprender para ben do noso movemento, na arela de ver a Galiza recuperar a súa personalidade nacional. Lección para os que buscaron a derrota ó illarse en si mesmos, pretendendo que os seus pensamentos e as súas ambicións eran o pensamento e as arelas de toda a colectividade. E igualmente lección para os que cos pes na realidade, deben o seu éxito a súa captación do sentir da colectividade, fundándose nela mesma para servir os seus ideos galegos e buscar a súa realización orentando e estimulando as propias forzas colectivas nunha camaradaxe e nunha identificación de propósitos que esclue toda supervacuación facthenda e negativa.

A historia dos movementos políticos está acugulada de esperiencias semejantes, pero como o home coase nunca sabe tirar proveito axeitado de esperiencias ajeas, o galeguismo de Bos Aires tamén tivó de vivir a súa propia esperiencia, que arelamos non sexa en van. Os movementos políticos acadan proeicións estraordinarias cando seus dirixentes saben interpretar o intre histórico que vive a comunidade human que abranguen e son capaces de encanlar as suas arelas, concentras ou sementes presentidas, pol-os vieiros das realizações constructivas, lonxe de frías elucubraciones teóricas e filosóficas pol-a contra, fora d-esa roita, perdido o contacto coa realidade, reducidos a esquemas ampíricos e desvencellados do povo que pretenden orentar, os oixentes políticos caen na aberración de considerarse eles mesmos o fin e os medios na cristalización dos ideos e arelas que a comunidade ten planteadas. Non se saivan d-ese fracaso nin os visionarios da política, esas homes fora do común, que intuído unha realidade futura de grandes posibilidades para o seu país, non souperon axectarse o intre histórico que vivía o seu povo e estragaron lamentablemente unha oportunidade eicceptcional, incapaces de establecer esa indispensable identidade co sentimento colectivo, estraordinaria forza nutricia que possibilita as grandes transformaciones políticas e sociais en todo-os povos e-en todas-as latitudes, pois soio arrincando da realidade viva podemos encaminarnos cara as realizações concretas de proeicións históricas.

Os autocratas que poboan a historia en todo-os países i-en todo-os tempos, están a demostrarnos o irrefratable peso d-esta verdade, e Galiza aconce dócrosamente de exemplos. Desvencellados da realidade e dos sentimentos da colectividade que pretenden gobernar, empenhados en problemas miudos e sin visión do futuro, soio souperon supeditar a comunidade os seus deseños persoas e ainda os seus caprichos, pasando a historia tan soio pol-o seu sanguiniento comportamento ou pol-o seu fracaso, que desgraciadamente significa tamén esforzos inútiles e frustraciones para o seu povo e para os que compartiron ou sufriron as suas ideas.

A nosa colectividade e unha enxebre representación do povo galego alen mar i-ela é fundamentalmente a materia prima do noso movemento reivindicador. Sin caer en conformismos estériles e negativos, sin perder de vista os grandes problemas e angueiras da Terra Nai, o galeguismo ten de cumprir a súa función orentadora i-estimulante identificándose co seu xeito de ver e sentir os problemas, impregnado na saiva nutrición que a alenta, para que o movemento galeguista acade toda a proeición que corresponde a importancia numérica e simbólica da Galiza emigrada, e a verdade dos nosos principios.

Hoxe o galeguismo está definitivamente afincado na colectividade galega. Elusión feita dos clásicos "specimens" incapaces de aitar por conta propia e emborcados nun mimético e negativo sometemento o espírito castelán —cada vegada máis escasos e tamén máis paveros na súa estulticia—, ningún persoero das nosas entidades se sinte alleo o movemento renovador que vive a colectividade, que desbotou definitivamente moldes alleos e busca na nosa propia esencia nacional a forza que ten de forxar a futuro do noso destino. Porén, n-ese panorama tan promisorio é indispensable que todo-os galeguistas militantes sepamos superar interpretaciones persoas para voltar a vista as bases da nosa laboura e coa sola perspectiva da Patria sumar esforzos que permitan froitecer ese sentimento que vive intenso a colectividade, facendo así un aporte decisivo na loita de Galiza por recuperar as súas liberdades nacionaes. Eis a tarefa inmediata do galeguismo de Bos Aires, que compre non demorar pois cada día que perdamos é unha possibilidade que estragamos inutilmente e que demora o feliz alborexar da Galiza ceibe que arelamos e que, nunca como hoxe, está ó alcance das nosas posibilidades e do noso esforzo.

Lembrarse o 2o Centenario da Morte do Sabio Feixoo

O Centro Galego de Buenos Aires, prestixiosa entidade mutualista, que polo volume de asociados e as suas realizações culturais de espallamento de libros galegos, etc. e literarios, conferencias, edicions i gran xerarquia —concursos musicais ven sendo, sen dúbida algunha no orde a cultura a entidade galega piloto en América, aprestase a conmemorar brillantemente o 2º centenario da morte do frei Bieito Xerómo Feixoo, currida a 26 de setembro do ano 1764 na cidade de Oviedo.

A súa Xunta Direitiva, a proposta da Comisión de Cultura, acordou:

1º — Editar un libro que conteña cinco ensaios en idioma galego, en col da obra feixooniana, e cúa redacción foi encomendada ós escritores galegos Domingo García Saabell, Xosé Ruf Carballo, Ricardo Carballo Calero, Valentín Paz Andrade e Ramón Piñeiro.

2º — Invitar ó ilustre intelectual

galego doutor Emilio González López, profesor no Hunter College da Universidade de Nova York, pra ditar varias conferencias en diversos orgaismos culturais argentinos e no salón "CASTELAO" do Centro Galego de Buenos Aires, en col da personalidade de frei Bieito Xerómo Feixoo.

3º — Conferencia en col do sabio Feixoo, polo escritor argentino Canal Feixoo, na Sociedad Argentina de Escritores.

4º — Editar un número extraordinario da revista social "GALLICIA" no mes de Setembro deste ano, con vinie eclaraciones de destacados escritores galegos e argentinos, en col de temas referentes ó sabio Feixoo.

Felicítamos ás autoridades do devandito Centro Galego e á súa Comisión de Cultura, por tan patriótico acordo, que prestixia outamente i enaltece á colectividade galega e a Galiza.

A NOSA TERRA

ANO XLVI

Buenos Aires, Xunio de 1964

Nº 507

A SITUACION POLITICA EN HESPAÑA

Evidentemente, o falanxismo ten entrado nun aberto proceso de descomposición, e todo fai pensar que asaradas de esperanza esperan ó caso pava nun futuro próximo.

A orgaización industrial hespanola, bremendamente avarada, descansa sobor de principios desbotados en todo-os países modernos, pois, ^{allo} outros saídos das súas velas ^{outra} outras soio poden competir no mercado en base os baixos salarios que se pagan.

A situación económica faise cada día máis feble, con unha balanza de pagos onde as importaciones doblan as eicportaciones, e tan tremendo desnivel somentes maben enxugalo co diñeiro que deixa o turismo e, principalmente, a eicportación masificada de obre-

ros ós países europeos, cuos xiros familiares acadaron, según estadísticas oficiales, 1.740.035.094 pesetas nos primeiros 8 meses de 1962, e calcúlanse chegan a 190 millóns de dólares no ano 1963.

A súa eicstructura social resulta xa unha mostra patolóxica no mundo moderno. Os sindicatos verticais, instrumento de opreición do Estado, teñen caído en tal deserceto que os mesmos falanxistas na revista "Sindicalismo" recoñecen que os seus "enlaces" (especie de "delegados" n-este país), "teñen de ir a votar sin saber a quen votan, nin porque votan, nin para quen votan"; por elo son refugados de tal xeito pol-o povo que tense dado o caso de ser elixido un "enlace" único voto do mesmo interesado.

Son 25 Años de Paz?

Con un aparatoso i-espectacular desfile foi celebrado na Capital da Hespana, o 25 catodano de implantación da dictadura falanxista, que a falta de rcaizaciones positivas nos terros económico social, político, cultural, etc., teima xustificiar a súa existencia presumindo de lle haber brindado a Hespana 25 anos de paz.

Vivieron nefeuo en Hespana nos derredes 25 anos nun verdadeiro estado de paz? Certamente que non. Ningún ouservador serio e sensato pode afirmar tal cosa. Viveu si e certo, un carto de século de catalepsia político-social imposta ó povo por un réxime somentes ouseñonado por imposibilitar a normal e lóxica mutación de revellidos conceitos doutrinaes e anacrónicas estamentas económicas e sociais, soio ó servicio do intrés egocista, antipatriótico mais ben, dunhas castas minoritarias, paradigma secular de incultura, incapacidade endémica e fanática intolerancia. Mais a iste respeito nada millor pra afirmar o antedito, que trascribir a opinión do Abade de Monserrai, Dom Aureli M. Escarré cando di: "Hespana, e velahí o problema, fica aínda dividida en duas partes. Non son 25 anos de paz os que van percorridos pra nos, senón sinxelamente 25 anos de victoria. Os vencedores, incruída a Irexia, que se veu obrigada a loitar con eles, ren fixeron por lle dar termo a ista división entre vencedores e vencidos; isto constitúe unha das máis lamentables derrotas dun réxime cuido Estado, decíndose cristiano non obedés ós principios básicos do cristianismo".

A dictadura falanxista, ademais de non haber conquerido en realidade os 25 anos de paz de que fai gabanza, non acreta nin pode acretar no seu haber outros logros trascendentes, posto que é un réxime de sino negativo, orentado precisamente a paralizar a normal evolución social en col de oixetivos de intrés popular reconocidos en todos os países cultos do mundo.

O latifundismo feudal, que pervive nas terras de Castela, Andalucía i-Extremadura, causante de que meia Hespana sexa aínda hoxe un páramo improductivo nistes tempos de adelanto social e técnico-económico, é un dos factores de poder do réxime imperante e sería ridículo supcr que se avenía a unha solución racional diste grave e secular problema, permitindo unha reforma agraria ou calisquer outro xeito de solución, posto que elo sería tanto como permitir á súa auto-destrucción.

A Irexa, fanática e anticristiana, que dende os tempos dos Rei-

ses Católicos fixo de Hespana un Estado teocrático, embarcádoe en absurdas e desastrosas guerras, en procura de impedir o adelanto das ciencias, da filosofía e do progreso, é outro dos factores de poder do goberno falanxista, e mal pode permitir a culturización do povo, e con ela a libre evolución das ideias, xa que tal cosa levaría implícito a perda do seu abusivo e reaccionario poder. Emperiso Hespana no derradeiro carto de século, non somentes non millorou a cultura popular, senon que se pode afirmar, sin a máis pequena eicxeración, que niste terro acusaron os povos ibéricos un marcado retroceso.

O militarismo, patrioteiro e bravuón, que dende séculos constitúe o cáncero coutador da vitalidade das nacionalidades hispanas, é outro dos alicerces sustentadores do réxime actual, padece dun mal endémico incurable; a teima de mandar. Mandar contra todos o contra todo canto poida menguara o seu enfermizo degoiro de poder, de tal xeito, non é eistrano que fique fora da realidade que o arrodea, e sexa un permanente ostáculo da cultura, do progreso e por lóxica remanencia de toda superación social.

Feudalismo, clericalismo, militarismo; eis aquí as tres forzas principais de onde remancece e se sustenta o réxime falanxista. Teimar que con tales elementos poida constituirse un goberno progresista, é tan absurdo como pretender que a illorancia supere á intelixencia, e que a preguiza parasitaria poida xermolar benestar e fartura. O réxime falanxista, constitúe un goberno de castas, nas que aínda pervive o espírito da Meseta; chantadas nun intre histórico xa fai moito superado, viven en mora permanentemente coa cultura, co progreso e o benestar social; velahí pois porque fica sin posibel solución baixo seu imperio, o acuciante problema das nacionalidades, da distribución dos latifundios feudales, da cultura popular, do racional aproveitamento das fontes de riqueza pra superar o menguado nivel económico dos povos peninsulares, os máis baixos de Europa, da concreción dun réxime político que permita o libre xogo de todas as ideias e todos os credos; e non como agora acontece, que pensar e sentir, constitúe un delito que se pena coa gaiola ou co garrote vil; de incorporar as nacións peninsulares ó concerto dos povos cultos e progresistas, pra que poidan cumprir a manda histórica que por natural e irrenunciabel dereito lles corresponde.

A súa orgaización política, verdaadeira supervivencia do medioevo, sigue considerando un delito o dereito a opinar libremente e, non digamos xa, a orgaizarse na oposición democrática.

Como é natural, esas circunstancias tiñan de constituir un po-deiroso fermento nas arelas e recuperar as liberdades políticas e sindicales, insinuábelis en todo estado moderno que desexe constituir un futuro de bases sólidas i estables. Por iso era de esperar que no primeiro intre propicio tomara corpo e adoequera estado público o forte sentimento de repudio a dictadura falanxista e ós seus métodos.

Refugado o seu ingreso no Mercado Común Europeo, que lle eicixe democratizarse, o falanxismo veuse na obriga de afloxar un pouco os seus resortes policiaes, no intento de crear unha falsa imaxe de democracia, para conquerir ese ingreso, que lle resulta coase imprescindibel para subsistir. E esta circunstancia parece estarse trocando nun alborear do horizonte político hespanol. Como é lóxico nestes casos, as principales mostras de descontento téñense producido nos lugares onde o volume de obreiros i estudantes é meirande, e onde a presenza de diplomáticos e xornalistas eistranxeiros obriga a policía gardar certas normas elementais na súa repressão. Foi así que esas protestas acadaron meirandes proeicións en Asturias, Madrid e Barcelona, pero igualmente abrangueron outros lugares i en Galiza téñense producido importantes eicpresiones de protesta entre os intelectuais e nos asteleiros de Bazán.

Pero o máis sintomático é que todas estas demostraciones anti-falanxistas teñan fundamentalmente unha aberta sinificación política. Así os mineiros de Asturias mantiveron o ano pasado unha folga que durou máis de 90 días e abragueu a todo-os povos mineiros i este ano están repetindo ese heroico xesto con unha folga que leva máis de 60 días; folgas nas que, feito novo no panorama hespanol por enriba das reivindicaciones de tipo económico, os mineiros reclaman a liberdade para a súa orgaización sindical.

Paralelo panorama presentase na Universidade Central de Madrid, onde o movemento de oposición o falanxismo ten cada día meirandes proeición. O S.E.U. (sindicato falanxista de estudantes) ten sido completamente desbordado pol-a oposición, que ó marxe das disposicións oficiais organizase na U.E.D. (estudiantes demócratas cristianos) e na F.U.D.E. (estudiantes democráticos). A este movemento renovador da Universidade súmanse o aporte dos profesores democráticos, que día a día acadan máis influencia nos medios universitarios pol-a súa capacidade intelectual e as súas afitudes. En marzo d-este ano prócense en Madrid importantes e repetidas manifestaciones de estudantes e obreiros pedindo "Sindicatos libres" co gallo do III Congreso Sindical, que ten de celebrarse a portas fechadas e baixo protección policial. Simultaneamente orgaizouse a "Semana de Renovación Universitaria", promovida e apoiada pol-a F.U.D.E., no propósito de trazas as bases dunha apertura democrática para o quefacer universitario, iniciativa que se pensaba levar a outras

(Pasa a próxima 2)

REVOLDAINA

ERAN POCOS... e apareceu un balanceador con **Bandeira de remate**...

I eiqui dá comezo unha pequena historia. O balanceador de marras, ademais de sere galego polo nacemento, chámase **Ramón Mourente** e firma RAMOU...

Pois ben: o Ramou a que facemos referencia é **balanceador** de profesión ou oficio. I este oficio ou profesión que consiste no amaño de **traspasar** o negocio de almacén, bar, restorán ou pizzería dun paisano a outro paisano e repetir a operación a inver-sa tantas veces poida, deulle moitos, moitísimos cartos... E co dito xa temos a filiación do persoaxe de nosa historia.

O demáis, vai decamiño: **fixose patriota hespañol con retraso**; mercou un periódico, "Nuevo Correo", órgano falanxista, que rebautizou co saleroso título de "Faro de España"... E por se isto fora pouco, teimou facérese xornalista (?).

Certo é que o só feito de tere moitos cartos e mercar un periódico, non dá patente de xornalista, non señor. Mais isto, ó parecer, non conta pró **Ramou** da nosa historietta quen, sen parar en barras, adoptando unha pintoresca postura hespañola de jolé!, que mesmo lle acal como zorregarle un tiro na entreperna, publicou no seu falanxista periódico unha e outra "carta aberta" dirixidas ó Presidente do Centro Galego, señor Villamarín Prieto, nas cuais, previa eisortación á bandeira monárquico-falanxista, con chabacanas expresións altisonantes, intimao en nome dele e da "coletividade" (?) a pór no fronte do edificio da institución a bandeira do conto...

¡VAIA, VAIA, CO RAMOUÇINO!... E abofé que non se riria pouco o señor Villamarín co-as súas trasnoitadas parvadas...

Polo que se olla, o señor Ramón Mourente de puro entretido en lle **traspasar** boliches ós paisanos, se non enterou de que a Galiza emigrada, dende fai moitísimos anos, que nós lembremos, non ten problema algún de bandeira... Polo tanto, de que dandeira nos fala...

Nós, nos permitiríamos darlle un consellos, uns conselliños saudábeis ó señor Mourente: que siga co choio dos **traspasos**, que ó fin de contas é do que entende... e lle deixa abondo pacatos. Que se desentenda da Embaixada que é moi má conselleira... Que se non meta en política, que disto non entende un pito. E se apesares de todo insiste na teima, que encarregue o escrito a quen o sabe facer, que pra iso ten cartos, e dese xeito, inda que non dea no cravo, que non vai dar, polo menos deixará de facelo parvo...

¡VAIA, UOR DEUS!...

"De Galicia a Buenos Aires" é o título da revista musical saída do mesto cachazo do señor Alvaro López Muñoz e que será posta en escaea pol-a Escola de Teatro do Centro Lucense...

No primeiro aito —toma nota lector— recitaráanse poemas e cantares de Alfonso X o Sabio, Ramón Suárez Picallo, Rosalía Castro, Arnaldo Vasallo, Miguel de Cervantes Saavedra, David Patiño, Curros Enriquez e... **Juan de Dios Filiberto**...

No segundo acto da referida revista de marras, inforamos até o dagora que é o que ocorre, mais a xulgar polo inicio, presentimos que será gordo...

O **CENTRO LUCENSE** é unha podeirosa entidade galega reflexada no elevado número de socios, seu suntuoso edificio social, e a finca de Olivos (chave d-ouro da súa riqueza e potencialidade) que pola amplitude e mañificas instalacións —bar, pistas de baile, piscina de natación, cancha de basquet, etc.— ademais de lles oferesceren ós socios distracción e práctica de deportes, os directivos tiveron a visión do negocio: explotaren a quinta atraíndo moitodumes... e tan ben a explotan, tan axeitadamente manexan o asunto, que sen dúbida algunha, a referida quinta de Olivos é non seu xénero, o millor negocio no país.

MAIS A TODO ISTO, no orde á cultura galega, qué?...

Fai uns anos, o Centro Lucense encetou de xeito abondo prometedeiro, unha xeira de aportacións culturais galegas: teatro, exposicións de pintores galegos, creación dunha orquesta sinfónica e gravacións musicas de xerarquía. E aquele mañífico envío ó Museu de Lugo dunha ducia de cadros doutros tantos pintores argentinos, o que nos facía matinar que, por ese camiño, o museo da cidade do Sacramento, arriquecería a súa pinacoteca con valores hispanoamericanos que, ó tempo, ampliado coas aportacións pictóricas dos outros países deste continente, Galiza tería en Lugo, no orde á pintura, o que a Biblioteca América fundada por Gumersindo Busto en Compostela.

Mais todo isto, lamentábelmente, detívose. Outras directivas, outros homes, fixeron que estes prometedeiros comezos cairan no valeiro máis negativo.

Entendemos porén, que non ten senso que no intre mesmo que vive Galiza de anguriosa estroituración económica e de afirmación da súa personalidade nacional, entidade galega algunha, aítue allea, insensíbel, a estas arelas, arelas e obrigas por igual a todos os galegos, os da emigración e da Galiza mesma. Mais entendase ben: a galegüidade non está contra ningún, concretamente contra a cultura hespañola máis que naquele punto en que interfere o normal desenvolto da nosa cultura. I é así, que resulta insólito ouservar que haxa entidades galegas que patrocinañ manifestacións culturais e artísticas —neste caso hespañolas— en desmedro do noso.

Todo o esforzo —se for mancomunado, millor— das nosas entidades e persoas a prol de labours culturais, ten de sere en beneficio do noso idioma e do noso arte, secularmente negados e refugados polo Estado hespañol.

Esta é a tarefa concreta que temos de nos impor se é que realmente somos galegos.

LORENZO FRAGOSO

ESTATUTO DE GALIZA

Gran acto patriótico refirmando a decisión do pobo galego de ser ceibe e dono dos seus destíños.

Falarán **XERVASIO PAZ LESTON** e **BIEITO CUPEIRO**

Actuará a Coral "**BROGAN**"

Viernes 26 de Xunio — 21 Horas.

No A. B. C. DE CORCUBION — VENEZUELA 2164

Asamblea da Irmandade

A Asamblea da Irmandade constitúe sempre un acontecemento de grande repercusión na coletividade galega pol-a siñificación do movemento galeguista, de gravitación cada día meirande entre as nosas xentes. Pero circunstancias especiais fixeron que este ano xurdira unha espeitativa aínda mais grande diante este acontecemento, espeitativa que se veu ampuamente superada na realidade, pois unha grande cantidade de irmandiños deuse cita para analizar a labouira desenvolada e trazar as directivas para o futuro.

Noite memorabel para os irmandiños que nun ambiente de cordialidade e eisaltado patriotismo tivemos a satisfacción de ver compartido o debate con vellos petrucios, homes que souperon adicar toda a súa vida ó espallamento e defensa dos ideaes galeguistas e que apesares dos seus anos quixeron sumar a súa presenza nese ato e puderon colaborar na súa elección no... perda e dúas xeneracións de galeguistas estaban ali animadas pol-o mesmo espírito da Terra e sentindo as mesmas arelas de liberdade. A presenza de homes tan queridos e respetados como o Dr. Rey Baltar e Alonso Ríos, verdadeiros eispoñentes dunha historia viva das loitas galeguistas na Terra e na emigración, coa súa longa vida acugulada de históricos recordos e eisperencia, foi saudada grimosamente por todol-os presentes, que valoraron fondamente ese novo eixemplo da rexedume dos seus sentimentos e o seu sentido de responsabilidade acudindo ó chamado da Irmandade, para definir posicións e trazar roteiros para o seu traballo.

Pero por enriba do numeroso da concurrencia, esta asamblea da Irmandade constitúe unha irrefratíbel demostración da amplitude e calidade acadada pol-o movemento galeguista, que hoxe en Bos Aires abrangue por igual a total-as entidades de vida aitiva. Os numerosos persoeiros das distintas entidades que ali estiveron presentes, conferíronlle en verdade a asamblea unha calidade representativa poucas veces igoalada, e así queremos destacar a presenza de cinco ex-presidentes do Centro Pontevedrés, catro do Ourense, tres do Coruña, dous do Corcubión, un do Lucense, un do Betanzos, un ex-segretario xeral da Federación de Sociedades Galegas, un ex-vicepresidente do Centro Galego e nove ex-presidentes da Irmandade.

A SITUACION POLITICA EN HESPAÑA

(Ven da páxina 1)
universidades do país. Profesores de ronome tan señalado como Aranguren, Ruiz Giménez e Tierno Galván, tiñan de pronunciar conferencias n-esa "Semana" que foi prohibida ó segundo día, dada a extraordinaria trascendencia acadada, feito que producen unha grande excitación estudantil e dou orixe a diversos disturbios até que o día 17 de marzal os estudantes ocuparon o Paraninfo da Facultad de Ciencias Políticas i Económicas declaráronse en Asamblea Xeral Libre, deliberan até as cinco da mañana aproban varias resolucións reclamando a continuación da "Semana de Renovación Universitaria", elección democrática dos representantes sindicais e, finalmente, "liberdade plea de sindicación; ponto este no que nos solidarizamos coas mesmas reivindicacións que nestes intre eisixe a clase traballadora". Cando o Reitor da Universidade ameaza iniciarlles expediente académico disciplinario a máis de cen estudantes detidos con motivo d-estos feitos, xurde a protesta solidaria a babil dun numeroso e outamente significativo grupo de profesores, que pasando por enriba da autoridade académica, presentan ó Ministro un escrito protestando contra a aitiude do Reitor.

Fronte a este panorama promi-

Co clásico acerto e seguranza xa amostrados en ocasións anteriores, presideu o irmán Antón Gómez, que destacou o honor que siñificaba para ele dirixir unha asamblea tan numerosa e calificada, na que asinalou a presenza de galeguistas tan destacados como o Dr. Rey Baltar, Alonso Ríos, Daniel Calzado, Manoel Puente, Rodolfo Prada e Dr. Fiz Fernández proba da importancia e trascendencia acadada pol-o noso movemento.

Despois de considerarse a Memoria e Balance, foi aprobado por aclamación un voto de aplauso para a Comisión Directiva saínte así como para os galeguistas que sumaron siñificativos aportes económicos para atender os gastos que demandou a labouira da entidade. En derradeiro termo proce-

deuse a elección das novas autoridades, punto que encerrou a meirande eispeitativa xa que por primeira vegada na historia da Irmandade presentáronse dúas listas. Da súa confrontación saíu triunfante a lista Nº 1 por 47 votos a 21 conquiridos pol-a lista Nº 2, encabezada esta pol-os irmáns Valentín Fernández e Manoel Ucha, como Presidente e Vice-presidente, respectivamente. A lista triunfante, novas autoridades da Irmandade para o exercicio presente, estivo integrada desde xeito: Presidente: Antón Represas; Vice-Presidente: Lois Guede; Segretario: Mancel Pedreira; Tesoureiro: Ricardo Flores; Vocaes Tiduares: Antolín Dios, Manoel Baño, Eduardo Vazquez e Bieito Cupeiro; Vocales Suplentes: Daniel Calzado, Moisés Da Presa, Anxel Sánchez Romero, Antón Suárez Do Pazo e Alberto Cabrera; Revisores de Contas: Antón Gómez e Bernaldo Souto.

ESPUXO LAXEIRO

O meu primeiro contaíto coa pintura de Laxeiro foi en xullo do 1951, en Vigo, no pórtico do Hotel Compostela. Trátase dun fermoso mural onde aparec un árbore de gran copa toda ela inzada de froita e nenos. Nenos espídos, rebuldeiros e fermosos como anxiños. A impresión é de gran tenura. Após, algún que outro dibuxo —cabezas de nenos e mulleres— de gran factura, até a súa vinda a Buenos Aires a onde chegou estranado da Terra fai unha presada de enos. —Estranado?...

O galego Laxeiro, notabel pintor, dibuxante, e fantástico narrador de sucesos arrepiantes que non poden seren creídos, mais nos que ele cre... Estranado da Terra pero presente nela, ali, a camiñar polos vieiros ancestrais labrados polos ventos e as choivas; e polas innumerabeis pegadas de xeracións de abós; e polas lisgairas das ánimas a comiñaren na ringleira da Santa Compañía... Dislogando coa pedra, e o millo, e o carballo, na brétema... E co trasto bulreiro: ora año ou besta, pita au cocho... ou unha fermosa muller... E comonstros de arrepiantes carañofías, e horribéis enanos chepudos a boligar as carranchapernas un dos outros... e cabezas a rolar rindo ás gargalladas... Retablo alucinante que trasunta a anguria humana fronte a vida do que Laxeiro tira as súas fantásticas narracións que após nos conta marxistralmente co pincel mollado en estranas cores do mitolóxico trasmundo galego.

—Vouvos contar unhas historias... E o intrés nos leva á galería Lescaux onde Laxeiro narra con mestría seus estranos sucesos.

—Vedes esta cabeza? Pois di-reivos... I estes bonecos?... Dei coles nunha noite de treboada nas covas do Irixe. Moito palcamos... I este espido de muller?... Olleina de perto, a lús da lúa, na Pena d'Auga, a se peitear os cabelos... E ve-leiqui...

Laxeiro, namentras vai narrando algunhas das 33 historias penduradas dos lenzos da galería, surri, mais seu sorriso non é pra nós, que é prás súas estranas criaturas xurdidas do abraiante trasmundo galego polo misterio da saudade e o miragre do seu arte.

MOISES DA PRESA

ELSA FERNANDEZ

Co falecemento de Elsa Fernández de Cabrera, ocorrido o 29 de abril derradeiro, perde a nosa coletividade unha afervoada colaboradora nos seus quefaceres patrióticos.

Nada nun enxebre fogar curen-sán, herda dos seus pais o alento racial e telúrico que habia gravitar na súa formación espiroital a carón dun entranábel amor a Galiza e a súa cultura.

Fala galego de seu e participa das arelas patrióticas que apuian na emigración por unha Galiza ceibe e independente. Nembargantes, non coñecía, non chegou a coñecer Galiza, a terra do seu sangue, mais a degorata coñecer; era o seu soño. Confiaba no tempo, na súa xuventude, pra lle dar cumprimento a súa cobiza.

Seu sentimento de fidelidade ós seus, á Terra, ó seu mundo galego na emigración, do cal ela se sentía parte integrante, levouna a participar na fundación da "Asociación de Fillos de Galegos", da que foi presidente e un dos máis afervoados colaboradores. E pol-a súa capacidade e dominio do idioma galego, colaborou aivamente en traballos de segredaría da Comisión de Cultura do Centro Galego de Bos Aires; e ó deixar o país Xosé Neira Vilas, tomou ó seu cárrago a editorial "Follas Novas", así como a representación da editorial "Galaxia" de Vigo, que dirixeu con eficacia e responsabilidade, expandindo e facendo coñecer a produción literaria dos escritores da Terra e da emigración.

Seu inesperado deceso sumiu na maior consternación as súas amizades e no seo da coletividade tan entranábelmente avencellada.

Numeroso público asistiu a inhumación dos seus restos mortais no Panteón do Centro Galego, sendo despedidos con sentidas frases ditas por D. Xosé Romero en nome dos seus compañeiros de tarefas no Centro Galego, e por Eduardo Blanco Amor que recitou unha afervoad oración de despedida.

A Irmandade Galega, da cal era unha entusiasta colaboradora, faille chegar ó seu esposo, D. Alberto Cabrera, seus pais e irmá o seu pésame por atal irreparable perda.

Foi Agasallado Luis Seoane

O día 2 de Maio pasado un fato de amigos organizou un agasallo a Luis Seoane co gallo do seu regreso de Galicia, Hespaña e Suíza onde espuxo con grande éisito de crítica e público.

Aderíronse á demostración as figuras máis relevantes das letras e das artes, e prestixiosas entidades como a Asociación Argentina de Artistas Plásticos, Consello de Galiza, Centro Galego de Buenos Aires, Irmandade Galega, Federación de Sociedades Galegas, Entidades Culturais Galegas de La Plata e galerías de arte: Van Riel, Bonino, Galatea e Lascaux.

Arredor de duascenas persoas — galegos e arxentinos — déronse cita pra agasallo a Luis Seoane nun cordial e emotivo clima de amizade e admiración polo notábel artista que se fixo acreedor pola súa obra pictórica ó cobiñado premio "PALANZA" a máisima distinción artística que se outorga na Arxentina a que trascendeu nos meos artísticos de Europa e América, realizándose mostras das súas obras en varios países de ambos continentes, o que mereceu a decidida aprobación da crítica máis eixistente.

Pra nós, os galegos emigrados que levamos a nosa patria de cote no pensamento e que traballamos arreo por unha Galiza nacionalmente ceibe, Luis Seoane é un entranxable irmán nos degarros de patria; un incansábel traballador no campo da pintura e das letras e que, dado a súa capacidade de traballo e creación, Galiza e o seu povo moito esperan dele; é a nosa Terra fomenta de liberdade, de xustiza social e de retorno ás máis enxebres manifestacións da súa cultura nacional.

Foi Manuel Mujica quen feresceu o agasallo "polo trunfo dun admirado amigo e, ó abri-lle os brazos e ó acoller de novo entre nos, apos docha que nos semellou longuísimas ausenzas".

"... Seoane sentiu e sente como contados artistas, a forza poética do misterio que atinxe as raíñas raciais e toda a súa obra está embebida desa maxia".

A seguido falou en nome da Asociación de Artistas Plásticos, o seu presidente señor Vicente Ferrer, quen lembrou a xeira na que Seoane fora vicepresidente da entidade, espondo as grandes valores do homaxeado, unha das máis acusadas figuras da plástica arxentina.

Eduardo Blanco Amor leu unha conceituosa adhesión do Centro Galego que quixo deste xeito testemuñar a su admiración polo artista, colabourador desta entidade donante os 18 anos en que dirixiu a súa prestixiosa revista. Engadiu así mesmo Blanco Amor algunhas verbas, ampliando o cenceito: "Seoane tamén é noso".

Visibelmemente emocionado, Luis Seoane agradeceu o agasallo coas verbas que reproducimos a seguido: "Agradezo a todos aqueles que orgaizaron esta cea, a proba de simpatía e amizade que significa, facendo posíbel que, co gallo dunhas esposicións miñas en Hespaña, se xunten en núcleo moi calificado de amigos. Agradezo tamén as verbas de Vicente Forte, presidente da Asociación Arxentina de Artistas Plásticos, e de Manuel Mujica Laines, o ilustre novelista e crítico de arte. A ambos me xunguen vencellos de amizade e admiración, ós que me engade o meu agradecemento desta noite".

"Fai xustamente vinte anos, cumprese dentro de dous ou tres meses, que co gallo de haber publicado o meu primeiro libro de dibuxos en Buenos Aires, "Homenaje a la Torre de Hércules" se me tributou unha adhesión tan imerescida como a de Huxareda a fundar con A Cuadrado e Lorenzo Varela publicamos a revista "Correo Literario". Naquela cea, falou un dos meirandes amigos que tiveron en Buenos Aires, o extraordinario dibuxante e artista gráfico Alejandro Sirio, compañeiro de redacción e grande amigo Laines. Ele era un arxentino nado en Asturias, i eu, un galego nado en Buenos Aires, máis fideles de cote, un e outro, ás terras do noso nacemento, aínda tendo, como tiñamos ambos, un fondo amor ás patrias da nosa formación.

"No meu caso, Galiza é, ademais, o país de todo o meu sangue e de onde proveñen, hérdados de non sabemos que lonxanos abós, as pantasma que me gobernan".

Este foi moitas veces un tema de conversa con Alejandro Sirio; imporio o estraño agora da memoria. Ele atopaba nos meus dibuxos e grabados daquele tempo, non sei cuais rescoanzas románticas e celtas, e así o dixo naquela cea de fai xa vinte anos. Agradezín sempre aquelas verbas daquele grande artista, hoxe dabondo inxustificadamente esquecido, e tráicas, precisamente neste intre, á lembranza dalgúns comensais de entón, que sei asistían tamén á cea desta noite".

"Eu non podería facer unha esposición sen encetar por Galiza, onde se celebraron as miñas primeiras mostras de dibuxos e pintura sendo estudante universitario. Debíallo ós meus primeiros amigos e compañeiros; debíallo ó país inteiro, ó meu sangue e ós meus mortos e á miña saudade. Debíallo, ademais, a canto había axudado á miña formación: ás antigas lendas escoitadas de beizos dos abós; á onga ringla de misteriosos santos galegos que enxamáis foron inscritos nos santorais ortodoxos; ás procesións das ánimas que povoan de noite os camiños de Galiza, ós violinistas e cantores vagabundos, herdeiros dos trovadores meievais que encantaban a menide galega; ó mar de tormentas das costas de Galiza, e á brétema das súas montañas, e ás vellas pedras dalgúnhas das máis antigas arquitecturas europeas. O Rei David da fachada das Praterías da Catedral compostelán, do que adeprendín, copiándoo repetidas veces, leccións de dibuxo".

"Debíallo, ademais, ós compañeiros e familiares mortos na guerra civil. Era un, antre moitos, que amosando a súa obra honrada, non de seguro, con outras coalidades, probaba a un carto de século de distancia, a inxustiza daquelas mortes".

"Todos eles, nas súas profesións e nos seus oficios, poideron, de haberen vivido, amosar o cabo de tanto tempo, un traballo honesto similar".

FERVOR PATRIÓTICO NO DIA DAS LETRAS GALEGAS

Extraordinaria significación acadou este ano na Terra a celebración do Día das Letras Galegas, que puxo de manifesto un fondo sentimento patriótico e na que a figura patricia de Castelao presideu co seu simbolismo esa grata mostra da nosa recuperación nacional.

Como recuperata pol-a eisclusión do galego nun concurso literario orgaizado pol-o S.E.U., o que podían concurrir somentes obras en castelán e catalán, os estudantes de Sant-Iago orgaizaron pol-a s-a conta un concurso literario para o idioma galego e abrieron unha suscripción popular con un aporte máisimo de cinco pesetas por cabeza, para asignar o "Premio Castelao", acadándose prestamente a cantidade de dez mil pesetas. Dito premio achou unha grande resoancia en toda Galiza e fcon moitos os traballos presentados, merecendo a distinción do primeiro posto Anxel de la Peña, pola súa obra de teatro "Cando murren os faroles".

"Na esposición de Madri, como denantes na Coruña, abrin pró publico o libro de Neruda, "La Insepulta de Fita", que findaba de ilustrar prá Editorial Losada, pola páxina que o poeta cantou ó eisilio, onde escribe: "Hay exilios que muerden y otros son como lenguas de fuego que consume". - "Hay dolores de patria muerta — que van subiendo desde abajo..." i espuxen algúns cadros co tema dos caídos, co meu homaxen ó caído máis recente. Tomaba unha posición de lasquené solitario de como a tomou, semáns máis tarde, un grabador arxentino, Albino Fernández, noutra mostra da súa obra coa serie de grabados "Canto a la Libertad". Ademais, cada vez que tiveron oportunidade de o facer pra entrevistas de xornais e revistas, convertínme en voceiro da arte arxentina, pois estou seguro, após de haber visitado moitas esposicións en distintos países e coñecendo artistas de tendencias moi desenllantes, que Buenos Aires é un mellan obradoiro de arte, ó que só lle falla rescoanza exterior e capacidade de consagración fóra das fronteiras do país".

"Mestres indiscutíbeis do arte dos nosos días, moran en Buenos Aires, traballando sen outra cobiza que o prestixio que les dona a crítica e os afeizoados e amantes do arte na Arxentina".

"Outras nacións americanas sen posuír movemento artístico da calidade de Buenos Aires, teñen un prestixio internacional que ésta non atinxe, seguramente por unha maior preocupación por estas custións das autoridades deses países. Mais esta é unha custión a estudar pol-as sociedades gremiais de artistas e críticos de arte coas autoridades culturais da nación. Como eu, por outra banda, non sei falar da miña pintura, nen sei dela, ademais, só me resta agradecer a todos vostedes esta adhesión persoal que me brindan; e ogallá, dentro doutros vinte anos me oferezan cun gallo similar, outra cea pra xustificarmos novas lembranzas".

"Hoxe só quixen dicir, que un pintor, un artista en xeral, se forma tanto como de sabedoría técnica e de bons propósitos, coese formen-to fundamental que nos oferez o tempo e a vida, e que no meu caso, debo tanto ás pantasma da verde, fantástica, rica e lonxana Galiza, como ás realidade cotiáns de Buenos Aires".

"Quixen dicilo, máis de seguro, como de cote me pasa, o non souben dicir, ou o dixen tan mal, que vostedes non me poideron entender".

Unhas saudosas notas de música popular galega subliñaron o clima de afecto e admiración que esa noite acolleu a Luis Seoane.

AFIANZASE O SENTIMENTO NACIONAL GALEGO

En Galiza está a xudir nestes intres un forte e craro sentimento nacional, manifestado en todolos ordes do seu vivir.

Rexurde baril o idioma no libro, no xornal, na conferencia e na conxversa cidadán. E óuveuse voces de que se imparta o ensino en bilingüe nas escolas. Como consecuencia deste clima de demanda aprolo idioma e da cultura de Galiza, é a creación na Universidade de Compostela da cátedra de lingoas románicas, onde será estudado o galego.

I este rexurdir da conciencia nacional galega foi o pulo que vixinou a indignada e pública protesta contra a fracasada teima do goberno franquista de dividir o país galego co gallo do polo de desenvolto con sé en Valladolid.

Cecais nunca como hoxe a situación económica de Galiza adequeriu perceptivas ta ndramáticas. Dous millóns de campesiños: famentos oían anguriosos pra os prósperos e democráticos países europeos e cara aló se dirixen, dándose o caso nunca visto até agora, de aldeas totalmente abandonadas. Frente a esa situación é promiserio ollar que a atitude de protesta tomou hoxe estado no opinión pública —campesiños, obreiros, crase media e patronal—, eisixindo solucións inmediatas e concretas aprolo nivel de vida e findar pra sempre como cárcere da emigración. Pero máis alentador é ver comb simultaneamente se plantexa o problema nacional.

Neste clima de polémicas e plans de desenvolto económico e social, o xornal "La Noche" de Sant-Iago, encetou unha xeira de inquiritos, de antre os cuais entresacamos o repostado polo señor Santiago Montero Diaz, cadeiradigo da Universidade Central de Madrid que nunha reza carta o Ministro de Información falanxista, sumouse os 103 intelektuais que pediron unha investigación encol dos salvaxes arxentinos de Asturias. Velaiquí algúns anacos dese inquérito:

- ¿Fala correntemente galego?
- Decote faldo galego, agás que razóns profesionais o mo impiden.
- ¿E' partidario de que se fale i-escreba só en galego, só en castilán ou en ambolos idiomas?
- Sempre que posíbel o sexa, en galego. Nembargantes, debe utilizarse a lingua canel imperativos da profesión ou unha incluíbel e lícita circunstancia o eixcan.
- ¿Debe se ensinar o galego nas escolas?
- Sen dúbida algunha. E dende as categorías mentais do galego e, partindo deste idioma calisquera outra lingua.

A PATRIA

- ¿Qué é Galiza pra vostede?
- A patria.
- ¿Qué sinifica pra vostede sere galego?
- Unha condición que fai máis soportable a eisistencia.
- ¿Defeitos e virtudes do home galego?
- A máisima virtude da humanidade galega é a lealtade. Tamén temos defectos, pro de os sinalaren e de os inventar xa se encarregran intindos eispontáneos do complexo centro-peninsuar.
- ¿Sabe loitar, é home de acción, ten axilidade mental?
- Sabe loitar e perder —cando perde— con eleganza. E' home de acción e ó mesmo tempo entroverso e lírico. Ten axilidade mental sen superficialidade.
- ¿Non coída vostede que o home galego en xeral é gostoso de vivir ó marxe de todo o que pasa ó seu darredor?
- O home galego se lle obrigou a vivir decote ó marxe da vida e dos destiños de Galiza. Isto, de ningún xeito, quer dicir que lle goste. Moitos que semellan marxinalizados levan a procesión p'r dentro.

PROBLEMAS

- ¿Coais son, segundo seu xeito de ollar, os grandes problemas de Galiza, hoxe?
- Galiza hoxe ten un só problema. Resoluto, os demás se esvaerían axiña como somas.
- ¿Cómo poderíamos darle solución a ese ou algúns deses problemas?
- Hai un. Só un. O porvir se encarregrará de o revelar. Espero que axiña.
- ¿Cómo poríamos facer unha Galiza millor e máis ricaz?
- Esperando ese chamado do porvir con espírito de sagrifizo, de intransixenza e de loita.
- ¿Coída vostede que os intelectuais, os que escriben, poden solucionar problemas de tipo social e-económico que Galiza ten prantexados nestes intres?
- Solucionalos, non. Constituírense nun instrumento pra prestar unha poiderosa axuda, é o deber de todos eles. O camiño é sinxelo. Entrega sen reserva algunha ós destiños do noso povo.

A TERRA MAIS EUROPEA

- ¿Leva Galiza o ritmo de Europa?
- Contribuíu a oriar a Europa. Foi decote a terra máis europea desta península. Levou sempre o ritmo de Europa, unhas veces na creatividade, outras no sufrimento. Mais creou e sofre á europea.
- ¿E' partidario de que se industrialice a nosa rexión?
- Galiza ten sete rexións. Son partidario dunha industrialización de todo o país, orgaizada en Galiza, por Galiza e pra Galiza.

O CACIQUISMO

- O caciquismo foi decote unha grande tara pro desenvolvemento de Galiza. Aínda o é. ¿Qué poríamos facer pra chegarmos a súa total liquidación?
- Non pode desmontárese o caciquismo sen desmontar previamente, polos meos que proceda, o sistema social que o produceu.
- ¿Non coída vostede que no fondo todo galego é un pouco cacique?
- Iso é un slogan posto en circulación contra nós pol-os portavoces intelectuais da oligarquía. No fondo de todo galego auténtico non hai outra cousa que unha grande cobiza de autenticidade, convivencia e liberdade.

A EMIGRACION

- ¿Qué solución daría vostede á agro galego?
- A solución a darán no seu día os propios campesiños.
- ¿Cómo poríamos evitar a sangría da emigración?
- A emigración desaparecerá nun futuro incluíbel. Cando se cumpla certo agoiro de Eduardo Pondal.
- ¿Cal debe sere a postura do home galego de hoxe, fronte á Galiza de hoxe, que non quere sere censurado pol-os galegos de mañán?
- Mantense fidel ás intimas peculiaridades do noso povo e á tradición progresiva de Galiza.
- ¿Cuáis son os grandes galegos esquecidos.
- Creáns moitos nomes esquecidos, máis ese esquezo é pura aparencia. A conciencia galega lembra en silencio ós seus grandes homes. Val máis esa calada memoria do povo que o oropel das conmemoracións solenes e convencionais.

A Comisión Dereitira da Irmandade recorda os afiliados que as súas xuntanzas teñen logar os viernes pol-a noite e a elas poden concurrir todol-os irmandiños que o desexen, contribuíndo coa súa colaboración a unha mais intensa labourea galeguista.

Galiza, a Nosa Patria Asoballada

Somos plenamente meiante a conciencia. A conciencia facilitanos a evasión da realidade cotidiana e mostrenca e pónnos en posesión dunha vida máis outa e verdadeira. Nouro senso que agora equívocos interesa, "unha toma de conciencia nasce do movemento de rebelión", espresa Camus. Nós mellor diríamos, invertindo o vaor dos termos, que a conciencia acende e provoca a rebelión, tanto no orde individual como no colectivo.

Galiza comenza a esperar á conciencia de si mesma cecais o impulso propicio do movemento romántico, raíz de toda a cultura moderna, que sacude con violencia as febras cernas do seu ser diferenciado. Outro feito dispar pero coincidente, contribúe ó renacer da súa perscalidade poética longo tempo escurecida: a supresión das súas derradeiras liberdades administrativas en 1833. A partir d-entón comenza tamén, o traveso da súa clase máis culta e sensíbel, o proceso de rebeldía, que aínda continúa en nós, aprol da súa liberdade política. Pouco importa que, nos seus inicios, esta feble rebeldía espontánea dos millores non acadara nada tan radical finalidade. Anque ben se podería sinalar versos espresivos de poetas, e feitos políticos de tencr da asamblea arredista de Lugo en 1843 de calquer xeito, a semente da conciencia de patria galega ficaba no solo e non tardaría en dar o seu sazonado froito. N-efecto, son xeracións posteriores, xa patrióticamente organizadas, as encarregadas de darlle a Galiza un medular pensamento político. Fillas direitas daqueles inesquecibéis precursoros e poetas comprometidos apaixonadamente coa súa Terra asoballada, en lóxica evolución histórica, arribarán teoricamente á conciencia madura da nosa patria.

Pero a teoría é impodente por si soia para conquistar a liberdade dunha patria. Galiza non é ningunha esceición no mundo. É mester a etapa decisiva da acción, tarifa, deber incluído reservado as presentes xeracións de cabal conciencia galega. En nós culmina o lento proceso do movemento aprol da liberdade política de Galiza, iniciado o seculo pasado, detido na nosa Terra por mor dos feitos coñecidos. Cúmprese en nós a lei ou constante histórica de todos os movementos de autodeterminación nacional. ¿Cómo dar, pois, acción efectiva a ese pensamento político legado pol-as xeracións anteriores? Cando menos, entre nós, brandeandoo sin acougo en toda ocasión propicia, nos medios propios i-alloes, con interpretación fidel e craridade meridiana. Limpo dos consabidos tópicos claudicantes e das incongruencias ideolóxicas a que nos ten habituados un galeguismo ambígo de oca e inerte parola. Enfrontándonos con decisión e valentía co fundamental problema da nosa patria seculamente asoballada: o da súa autodeterminación política, única i-absorbente preocupación dos verdadeiros patriotas. É mester procurar que a conciencia nacional de Galiza acadado estado popular na nosa maltratada colectividade. Porque non fica lonxano o día en que terá de cumprir a misión patriótica de enraizala na xeración que no ámbito da Terra enfronta a realidade triste e ruínosa de Galiza.

CONSELLO DE GALIZA

O Consello de Galiza, coa adhesión manifesta de todo o galeguismo orgaizado, está desenrolando unha permanente actividade en defensa dos dereitos nacionais de Galiza. A súa representación en París está actuando intensamente, en contacto coas representacións dos outros pobos irmáns e dos partidos políticos hespañóis, defendendo os puntos de vista galegos diante eles, así como ante o Consello Federal Hespañol do Movemento Europeu.

Simultaneamente ten adicado unha atención especial a eistructuración do noso movemento nacional no seo das colectividades galegas de América i está a punto de cristalizar a orgaización das súas delegacións en Montevideo e México, o que permitirá incorporar a súa labouira patriótica a colaboración de siñificativas personalidades das colectividades galegas en esos dous países.

Comencemos por ir desfecendo lagoas ideolóxicas, rutinarias e desorientadoras, nas que fai longo tempo vivimos vexetando. Analicemos, inda que someiramente, a expresión "patria galega" estragada polo uso i-abuso ó que nos ten acostumado un galeguismo fillo deste "ismo" redundante, na prensa pensada que soporta a nosa colectividade. Axiña se descobre a falacia ideolóxica dos que falan da patria galega como si Galiza fora un país ceibe. Resulta evidente que se trata dos que non necesitan a patria, porque en realidade xa teñen. Por eso, para nós, son mero xogo de verbas os propósitos de acción que promoven a saída do portavoz dese pseudo galeguismo, en boa hora desprazado do noso movemento patriótico: loitar no seo da nosa colectividade pol-a democracia: exaltar os valores da cultura galega —ocurríuselle cuestionar, siquera algunha vegada, a posibilidade da cultura nun país asoballado?—; gabar e b-ó censurar "lo que sea lesivo y perjudicial para el buen nombre de nuestra patria galega". A témera lagoa ideolóxica deste eivado galeguismo, chouta a vista nos indixentes e inocentes propósitos de acción sinalados, diños da época de Fortunato Cruces. Equí a liberdade do noso país, razón de ser do galeguismo. Até da mesma Galiza, non importa un rábano. Esta incoherencia patriótica de semelante calibre, non pode xenerar de e para si mesma un xusto senso valorativo e, polo tanto, carés de autoridade moral para exercer, como pretende brosmar e inconscientemente, a máis lizgaira crítica, á que eie, en troques, é dabondo vulnerable. Nós denunciámos a este falso galeguismo como estafa a liberdade da nosa Terra.

A expresión "patria galega" non

ten senso se non abrangue a súa condición real de asoballada. A patria non-a constitúe soamente a Terra. Sin liberdade nacional a patria é pura ficción, un nome xeográfico, ou cando máis unha arela. Galiza, como patria dos galegos aínda non existe. Atal realidade sinxela i-elemental, tan innecesariamente esquecida, pero absoluta, é o primeiro i-o único escollo do que o patriota de lei, sempre orfo e famento de patria que lle falta, non podrá desligarse. Entón adicarase por enteiro a conquistar a súa liberdade, a cal lle permitirá vencelo i entrar en posesión dela. É así como cobra o seu contido a verba do mestre: "Galiza é a única patria dos galegos". Unha conducta invulnerable faculta a esacta valoración de persoas e feitos con ela relacionados. Dende esta outura, arriscada pero de privilexio porque dá autoridade moral, fácil é exercer a crítica coa contundenca dunha espada flamixera.

O galeguismo, conciencia de Galiza, siñado pol-a rebelión i-a loita, nasceu para conquistar a liberdade do noso país. Esta é a misión diñificadora que acadará contra vento e marca. Pero a falso galeguismo de domesticados, aínda pode tencionar unha pregunta de descreídos. ¿Cómo relacionar unha Galiza ceibe coa historia trascorrida na unidade xeográfica da península? Contestaremos con verbas, aprousimadas, do escritor castelán Ramón Sender, que ele endexabáis se arriscará a pronunciar: O Estado central hespañol é un evidente fracaso histórico. Deberíamos conceder ou aceptar a liberdade dos países peninsulares e sobre ese sólido basamento crear a verdadeira comunidade das nacionalidades ibéricas.

Bernaldo Souto

Un "Salvador" de Hespaña

Un feito casual acaba de por ó descuberto unha arrepiante mostra do odio con que se ceibou a criminal represión falanxista a favor dos povos ibéricos.

Con motivo dun pleito ordinario que se tramitaba no Xuzgado Nº 2 de Madrid (Expediente 18161) o abogado don Antonio Cases y Martínez del Rincón acaba de descubrir que o Comandante Manuel Martínez Martín, do corpo xurídico militar, que actuou como Fiscal ou Poñente en mais de 4.000 Consellos de Guerra, non é licenciado en dereito, requisito indispensable para desempeñar esas funcións, de acordo co artigo 63 do Código de Xustiza Militar implantado polo propio falanxismo.

O comandante Fernández Martín, que ademais é Procurador en Cortes, constitúe un enxebre representante dese criminal "apostoiado falanxista" que sementou a morte por todo o país. Nomeado

asesor xurídico persoal do Ministro de Guerra en 1961, ó longo da súa "carreira" de fiscal militar calculáse que mandou a morte a máis de mil homes: o derradeiro Xulián Grimau.

Con motivo da referida denuncia, o Tribunal Supremo ordeou a apertura do Expediente especial 14.000/63, no que o acusado non puo presentar probas de haber rendido nin un soio exame da carreira de Dereito, pero dada a súa condición de Procurador en Cortes non se tomou ningunha medida contra ele, e tan soio quedou arrestado na súa casa da rúa Tudor 19, Madrid.

De acordo con esta información, foron ilegales os 4.000 Consellos de Guerra en que actuou este comandante e mais de mil homes foron condenados a morte vulnerando as mesmas leis falanxistas. ¿Qué fará o falanxismo diante esta proba arrepiante do seu vandalismo? ¿Contentarase con botar terra sobor desta monstruosidade?

FESTIVAL FOLKLORICO CELTA

No estadio "Luna Park" da Capital arxentina, organizado polo Centro Galego, conxuntamente cos Centros: Ourenés, Lucense, Coruña e Pontevedrés,

levouse a cabo o 31 do derradeiro mes de Maio, o primeiro festival folklórico dos países celtas. O aito que contou coa colaboración de conxuntos folklóricos escoceses, irlandeses, galenses, portugueses e galegos; acadou plea resonancia popular, onde a colectividade galega, que constituía a inmensa maioría da concurrencia, refirmou unha vegada máis, coa súa entusiasta adhesión, súa total identificación co espírito da Patria galega, como unha refirmación de espranzada fé no seu venturoso porvir. A verdadeira Galiza, ceibe de tutelas alleeiras, amostrou no "Luna Park" a face ni-

CEA DO DIA DE GALIZA

Irmidade Galega orgaiza novamente este ano unha cea para recibir o Día de Galiza, como unha espresión de camaradaxe de todos os galegos que viven as inquandanzas da Patria. Esta vegada será invitado de honor o Dr. Ramón Rey Baltar, como adhesión á súa vida de loita sin claudicacións a prol dos ideais galeguistas.

Dita cea terá lugar no Casal do Centro Ourenés o día 24 de Xulio as 21 horas.

A NOSA TERRA

REGISTRO NACIONAL DE LA PROPIEDAD INTELECTUAL (en trámite)

Redacción: AVENIDA BELGRANO 2186

PARADISO HESPAÑOL

Por Dr. R. REY BALTAR

Comentando a visita dunha misión xaponesa a Hespaña, o "ABC" de Madrid, publica no número do 23 de novembro pasado un artigo moi siñificativo, o cal demostra o maiestar que vai chegando xa ás capas superiores do franquismo. O artigo leva a firma de Xosé Salavert e refire que nun dos aitos orgaizados con motivo da visita da misión, que trataba de concertar relacións comerciais con Hespaña, o seu presidente analizou o informe do rendo nacional do seu país, que durante os derradeiros catro anos medrou a razón dun dez por cento anual, até acadar o seu produto o quinto lugar entre os máis outos do mundo ceibe, e rematou con orrental galantería —agrega sutilmente o articulista— sinalando o paralelismo entre o Xapón i Hespaña.

O representante xaponés contestou o vicesegretario nacional de Creación Económica, que fixo un análisis da evolución da renda nacional hespañola, estudando o orixe da mesma nos correspondentes tantos por cento da agricultura, da industria e dos servizos e rematou pretendendo amestrar paralelismo na marcha económica do Xapón e de Hespaña, até o estremo que ambos foron comparados co milagre económico alemán.

Mal camiño este, asíñala Salavert. Si de verdade non vemos a diferenca brutal que hai entre a marcha económica de Hespaña e a do Xapón ou Alemaña; se non recoñecemos que a renda por habitante na Hespaña é a máis inferior da Europa Occidental, a esceición do noso veciño Portugal; si non adevertimos que os nosos obreiros emigran porque na Hespaña non atopan un traballo ben remunerado; si descoñecemos que as nosas importacións duplican o que alcanzamos a exportar, entón, señores, é que estamos cegos e non podremos descubrir o bó camiño.

Si esto, que suliñado acabo de transcribir do artigo do "A.B.C.", fora publicado nalgún periódico nemigo do falanxismo sería posibelmente desmentido por calquera dos moitos turistas que, coa carteira desafiante de dólares, visitan a Hespaña, para voltar logo contando supostas maravelas que alí viron, dos grande adiantos, da alegría que xurde en todas partes, da beleza da paisaxe, da amabilidade das xentes, etc., etc...

Tal vez eso poda parecer verdade para esas xentes que se esquecen que transcuriron moitos anos dende que eles saíron da súa aldea, sen coñecer cecais outra cousa que os arredores do seu currunch, pois o natural progreso, a pesares de todas as trabas que se lle poñan, fai a súa obra. Ademais eles ven soio a cara bonita da moeda; non ven o revés dela. Eles visitaron, en xeral, todo o que é agradable os ollos, o elterno; ven as cousas como nun día de festa, nun domingo lumio-

dia da súa personalidade nacional xunto co degaro de armónico convivio coas nacións de orixe común encol de ouxetivos de paz e superación humana.

so; pero non foron os fogares dos homes que traballan, que oscuramente construen a grandeza dos países. Non viron os mineiros, os labregos, os mariñeiros; non visitaron os fogares dos que abandonaron a súa terra e foron a terras lonxanas, lembrando os versos de Curros:

"Que aquel que deixa o seu natal [corrancho e fora dos seus eidos pon os pés, cando troca o seguro polo incerto, motivos ha de ter".

Non meus amigos, non abonda para darse conta do que pasa nun país, velo cos ollos de turista, dun ceses homes de escusión bullanguera, que vai de vacacións; é mester vivir un pouco co que traballa e sofre, co que se atopa nas capas sociais máis inferiores, para comprender a i-alma popular, chegado ó cerne da mesma, ó eterno da raza, ó verdadeiro estado espiritual do povo.

¿Acaso en Galiza, en Asturias, en Vasconia, en Cataluña, en Castela, en Andalucía, total-as xentes están conformes coa sorte que lles toca vivir? ¿Qué siñifican as folgas, as protestas estudiantís, o pedido de melloras nos salarios, os intelectuais obrigados a emigrar, por témeras solicitudes dun pouco de liberdade? ¿A qué obedecen as bombas que estalan en Madrid, non precisamente para facer dano, senón para chamar a atención das autoridades, a fin de que otorguen algunha esmola económica i-espiritual, porque "non sóio de pan vive o home"?

Eu sei dunha familia que reside en Bós Aires e agora vese obrigada a tragner ós seus pais, xa vellos, porque non alcontran homes que lles traballen as terras, pois a xuventude da aldea marchou para Alemaña, Australia, Canadá, Franza, Inglaterra e calquer lugar do mundo onde haxa traballo ben pago, liberdade e xustiza, zuscando acougo para formarse un fogar diño e ceibe.

Como este caso, hainos a milleiros. Eu mesmo teño sobriños en Alemaña Occidental, traballando para gañarse o pan e manter a súa familia.

¿I isto é un paradiso, como veñen afirmando todos os pavoiros que volven dalá, pregoando as esceiencias dun país apestado espiritualmente, que se vendeu por trinta diñeiros e agora anda mendigando a entrada no Mercado Común Europeu, sufrindo as humillacións máis irritantes para que os mesmos que o desprezan e quixéramo ver morto definitivamente, lle permitan ocupar un posto ó lado deles, aínda que sexa a costa de todas as vergoñas que lle saian á cara?

Eu, anque galego e galeguista cen por cen, indifíome ó ver cómo tratan desprezativamente a povos que pol-a situación estratéxica, a súa historia, o seu coraxe mostrados en todas as ocasións en que os quixeron asoballar, a povos que contan no seu haber a epopeia americana, despois de sete séculos de loita pol-a reconquista do seu propio chan; eu síntome verdadeiramente afrentado de que as Hespañais sexan tratadas dese xeito, porque eu, como galego, igual que Camoens, como portugués, considérome formando parte das Hespañais; e doime fondamente que con tal desprezo sexan mirados os povos da península, creadores de culturas diversas e que en intres históricos estiveron a cabeza do mundo.

¿I esa caricatura de réximen que hoxe goberna o país, que un día quixo resucitar o imperio de Carlos V, é o paradiso do cal nos falan os que van nos arrees orgaizados pol-as empresas turísticas?